



Concello de Guitiriz

V PREMIO XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO DE POESÍA

- 1.- O Concello de Guitiriz, para honrar a memoria do seu ilustre poeta e contribuír á promoción da poesía galega, convoca o **V PREMIO XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO DE POESÍA**.
- 2.- Poderán concorrer a este certame as poetas e os poetas que o desexen, cos seus poemas escritos en lingua galega, segundo a normativa vixente da Real Academia Galega.
- 3.- Os poemarios aspirantes ao premio serán de tema e forma libres, cunha extensión mínima de 500 versos. Deberán ser orixinais e estar inéditos na súa totalidade, condición que se estende ao soporte dixital.
- 4.- Os e as participantes deberán enviar 4 exemplares da obra, mecanografados, sen remite identificador, ao seguinte enderezo:

V PREMIO XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO DE POESÍA

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello, 4, 27300 Guitiriz

5.-As obras concursantes deberán ostentar un título e un lema, que tamén figurará no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI do autor ou autora, o seu teléfono, enderezo postal e correo electrónico, así como un pequeno currículo literario, no caso de que teña obra publicada. Non poderán concorrer o premio os/as gañadores/as de edicións anteriores.

6.-O prazo de presentación das obras será dende o **2 ao 19 de Novembro de 2020**.

7.-A dotación do premio, único e indivisible, que será de 2.000 euros, estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. Se o xurado o considera oportuno, o premio poderá ser declarado deserto. Así mesmo, o xurado poderá designar un ou máis accésits ao Premio que en ningún caso comportarán dotación económica, pero que serán recomendados á editora para a súa posible publicación.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: ASJR6D6PYS2HT4SGZ6NTOEET | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Guitiriz

8.-O xurado será designado polo Concello de Guitiriz e estará formado por tres persoas vinculadas á poesía e/ou á crítica literaria galegas. Actuará como secretario/a, con voz e sen voto, un membro da corporación.

Os membros do xurado percibirán as indemnizacións por razón de servizo segundo o estipulado no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, e no relativo ao importe das asistencias á reunión de órganos colexiados serán as correspondentes á categoría primeira segundo o estipulado no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio e disposición adicional primeira do RD 228/2014.

9.-O veredicto, que será dado a coñecer directamente ao gañador ou gañadora e a través dos medios de comunicación, terá lugar nun acto público despois do **19 de xaneiro 2021.-**

As obras non premiadas poderán ser retiradas polas autoras ou autores nas dependencias do Concello de Guitiriz no prazo dun mes a contar a partir da data na que o xurado faga pública a súa decisión. Transcorrido este prazo, os orixinais serán destruídos.

10.-O Premio inclúe, ademais, a publicación da obra gañadora por Edicións Espiral Maior. O Concello de Guitiriz resérvase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada en todas as linguas do Estado. Nese sentido o/a autor ou autora renuncia a favor do concello, na primeira edición, a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autor/a. De existir posteriores edicións deberase facer constar que a obra recibiu o V Premio de Poesía Xosé M^a Díaz Castro.

11. – A participación nesta convocatoria implica a aceptación das bases e a interpretación que delas faga o xurado, non admitíndose recurso contra a decisión que este nas súas funcións adopte.

Guitiriz, na data que figura ao marxe.

A Alcaldesa

M^a Sol Morandeira Morandeira.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: ASJR6D6PYS2HT4SGLZ6NTCEET | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2